PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 478 VIII lexislatura 26 de maio de 2011

Fascículo 1

## SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)


## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.3. Outras propostas de normas

#### 1.3.3. Propostas de convenios e acordos de cooperación con comunidades autónomas

Ratificación polo Parlamento de Galicia do Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e outras comunidades autónomas para o intercambio de información sobre as licenzas de funcionamento aos fabricantes de produtos sanitarios a medida 143857

## 4. Procedementos de información

### 4.4. Respostas a preguntas

- 08/2PRE-3317(14398) (65050)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, María Emma
Sobre o establecemento dun acordo de colaboración cos propietarios da fortaleza de Tovar, situada na parroquia de Santo Tomé, no concello de Lourenzá, para evitar o seu derrubamento como consecuencia das inclemencias meteorolóxicas 143862

- 08/4PRE-0333 (41669) (65051)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción
Sobre a denegación pola Consellería de Cultura e Turismo da subvención para a celebración dos “Domingos folclóricos” ao Concello de Portomarín 143864

- 08/4PRE-2595(44360) (65047)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre a situación na que se atopan os traballos para restaurar a capela de Santa Cristina de Barro (Noia) 143866

- 08/4PRE-7041(52457) (64971)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a existencia de casos de vulneración do dereito dos administrados a tramitar os procedementos en lingua galega nas delegacións da Axencia Tributaria de Galicia 143868

- 08/4PRE-7042(52458) (64961)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre as consecuencias no sistema educativo galego da aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino no universitario de Galicia 143870

- 08/4PRE-7137(52690) (64970)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a obrigatoriedade do emprego polos concellos do idioma castelán nas solicitudes de fondos do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra 143872

- 08/4PRE-9801(59702) (64972)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre o apoio económico do Goberno galego a unha iniciativa privada de promoción do Xacobeo que discrimina a lingua galega 143874

- 08/5PRE-0137 (41668) (65048)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción
Sobre a denegación pola Consellería de Cultura e Turismo da subvención para a celebración dos “Domingos folclóricos” ao Concello de Portomarín 143876

- 08/5PRE-0262(44359) (65049)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre a situación na que se atopan os traballos para restaurar a capela de Santa Cristina de Barro (Noia) 143878

- 08/5PRE-1708(60506) (65006)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre os atrasos na xestión dos pagamentos correspondentes ao contrato de explotación sustentable do ano 2009 143881

- 08/5PRE-1772(60611)(65002)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción
Sobre os datos relativos ao cumprimento do acordo parlamentario adoptado o 11 de marzo de 2010 referido á axilización do proceso de dixitalización da prensa histórica galega e a súa posta á disposición dos cidadáns na Biblioteca Dixital de Galicia, as previsións na materia e o orzamento que se vai destinar para o ano 2011 143883

- 08/5PRE-1773(60612) (64966)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e Varela Sánchez, Ricardo Jacinto
Sobre as razóns da demora e o prazo previsto pola Consellería de Cultura e Turismo para o cumprimento do acordo parlamentario adoptado o 11 de novembro de 2010 referido á continuación das obras de rehabilitación da fonte da Pinguela, na cidade de Lugo 143892

- 08/5PRE-1824(60667) (65004)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e Viéitez Alonso, Henrique
Sobre as medidas do Goberno galego para evitar a afectación nas explotacións lácteas galegas da suspensión de pagos de Nueva Rumasa e, especificamente, de Clesa 143895

- 08/5PRE-2005(60903) (64967)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e Varela Sánchez, Ricardo Jacinto
Sobre a fase na que se atopa o proxecto de musealización dos restos arqueolóxicos atopados no Edificio Museo e Casa do Coñecemento do Vicerreitorado do Campus Universitario de Lugo, as razóns da demora das obras e o prazo previsto para o seu remate e apertura ao público 143897

- 08/5PRE-2038(61092) 64962)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre as actuacións da Consellería de Facenda en relación co sindicato Unións Agrarias 143899

- 08/5PRE-2333(61620) (64956)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre as medidas previstas para garantir o exercicio do dereito ao voto dos empregados públicos dos servizos centrais da Consellería de Sanidade nas eleccións sindicais do 14 de marzo de 2011 143903

- 08/5PRE-2419(61752) (64960)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e Suárez Canal, Alfredo
Sobre as medidas previstas para garantir o exercicio do dereito ao voto dos empregados públicos da Consellería de Sanidade nas eleccións sindicais do 14 de marzo de 2011 143906

- 08/5PRE-2541(62080) (64969)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto
Sobre o prazo previsto pola Consellería de Sanidades para o inicio da realización dos controis do cancro de mama nos diferentes hospitais comarcais e as posibles demoras que vai xerar este cambio 143909

- 08/5PRE-2543(62084) (65013)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da evolución das listas de espera da sanidade galega e as medidas que vai pór en marcha para a súa redución 143912

- 08/5PRE-2652(62201) (64964)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e 2 deputados máis
Sobre a información do Goberno galego respecto das actuais condicións de seguridade para o consumo da auga dos depósitos da traída do concello de Tui, as medidas adoptadas unha vez coñecidas a súa contaminación por trihalometanos e o contido da comunicación remitida pola Consellería de Sanidade o 23 de febreiro de 2011 aos concellos afectados 143914

- 08/5PRE-2783(62377) (64957)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e Sestayo Doce, Beatriz
Sobre as restricións impostas aos empregados públicos no proxecto de decreto polo que se regula o rexistro, a autorización, a acreditación e a inspección do sistema galego de servizos sociais de Galicia, no acceso ás prazas de inspección de servizos sociais 143916

- 08/5PRE-2788(62432) (64974)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Suárez Canal, Alfredo
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non colaborar no patrocinio co fin de que se realice en Galicia unha proba do circuíto estatal de kitesurf 143919

- 08/5PRE-2792(62458) (65046)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre os obxectivos da convocatoria de axudas para o ano 2011 para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, a valoración das repercusións para as familias do incremento das achegas económicas que deberán realizar, así como a materialización da publicidade ao respecto 143923

- 08/5PRE-2949(62752) (65005)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o proceso seguido para a contratación da praza de director/a de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura 143925

- 08/5PRE-2956(62800) (65009)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as razóns da non distribución durante o Xacobeo 2010 dos trescentos mil folletos coa biografía de dez autores, editados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Xunta de Galicia, co fin de achegar a cultura galega ás persoas que facían o Camiño 143926

- 08/5PRE-3305(63366) (64958)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen
Sobre os datos referidos aos convenios vixentes no ano 2011, os que se van iniciar ou os que xa se iniciaron e que non existían anteriormente entre a Deputación Provincial da Coruña e a Secretaría Xeral para o Deporte, para a construción de infraestruturas deportivas correspondentes a proxectos plurianuais 143928

- 08/5PRE-3311(63392) (64968)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e Pose Mesura, Modesto
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento do Servizo de Urxencias no Centro de Saúde de Rianxo e os plans da Consellería de Sanidade para este centro 143929

- 08/5PRE-3314(63416) (65007)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e Viéitez Alonso, Henrique
Sobre o control que está a realizar a Xunta de Galicia en relación coa praga do nematodo do piñeiro 143930

- 08/5PRE-3336(63611) (64959)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre as razóns da paralización das obras de mellora da estrada AC-433 ao inicio do termo municipal de Laxe e o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a súa continuación no treito que discorre por el 143932

- 08/5PRE-3342(63668) (65011)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a elección da localización, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e as previsións do Goberno galego para a licitación da construción, así como a xestión, do novo Centro de Saúde de Ares 143934

- 08/5PRE-3345(63707) (65010)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a dispoñibilidade dos terreos necesarios e as previsións do Goberno galego para a licitación da construción, así como a xestión, dos novos centros de saúde de Arteixo e Culleredo 143935

- 08/5PRE-3358(63756) (64963)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e 2 deputados máis
Sobre as previsións para a construción do novo Centro de Saúde de Ribadavia 143936

- 08/5PRE-3359(63758) (65012)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o anuncio publicado no Diario Oficial da Unión Europea en relación coa construción de dezaoito centros de saúde para o Sergas, a posible exclusión das medianas empresas de construción galegas a consecuencia da súa licitación conxunta, os datos e as previsións ao respecto 143937

- 08/5PRE-3438(63951) (65052)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as xestións e a actuación prevista polo Goberno galego en relación cos criterios utilizados polo Principado de Asturias na posta en marcha dun proceso de oficialización da toponimia na comarca do Eo-Navia 143938

- 08/5PRE-3441(63987) (64973)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis
Sobre as actuacións previstas para evitar a repetición dos vertidos de augas residuais no lugar de San Lourenzo, no concello da Pobra de Trives 143940

- 08/5PRE-3473(64157) (65003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad
Sobre a investigación interna realizada pola Consellería de Cultura e Turismo en relación cos feitos recollidos no sumario na operación Orquestra e o número de axudas, subvencións ou calquera outro tipo de achega concedida ás asociacións, así como ao Mercado Medieval no concello de Corcubión 143942

- 08/5PRE-3530(64463) 65008)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre os datos referidos aos xefes de servizo e asimilados existentes nos distintos departamentos da Administración galega e, nomeadamente, aos dos tipos A e B existentes na Consellería do Medio Rural 143945

# 1. Procedementos de natureza normativa

## 1.3. Outras propostas de normas

### 1.3.3. Propostas de convenios e acordos de cooperación con comunidades autónomas

**Ratificación polo Parlamento de Galicia do Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e outras comunidades autónomas para o intercambio de información sobre as licenzas de funcionamento aos fabricantes de produtos sanitarios a medida**

A Mesa do Parlamento de Galicia, na reunión do 23 de maio de 2011, admitiu a trámite o Convenio de colaboración entre comunidades autónomas para o intercambio de información sobre as licenzas de funcionamento aos fabricantes de produtos sanitarios a medida, e acordou abrir un prazo dun mes dende a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para os efectos de que os grupos parlamentarios formulasen, se fose o caso, reparos.

O referido convenio foi publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 441, do 30 de marzo de 2011, e unha vez constatado que non se formularon reparos polos grupos parlamentarios, a Mesa acorda:

1.º) Tomar coñecemento da non formulación de reparos.

2.º) Comunicarlles a ratificación do convenio á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios.

3.º) Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2011
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

A Mesa do Parlamento, na reunión do 23 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos

# 4. Procedementos de información

## 4.4. Respostas a preguntas

**Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación**

- 08/2PRE-3317(14398) (65050)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, María Emma
Sobre o establecemento dun acordo de colaboración cos propietarios da fortaleza de Tovar, situada na parroquia de Santo Tomé, no concello de Lourenzá, para evitar o seu derrubamento como consecuencia das inclemencias meteorolóxicas
BOPG núm. 152, do 15.01.2010

- 08/4PRE-0333 (41669) (65051)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción
Sobre a denegación pola Consellería de Cultura e Turismo da subvención para a celebración dos “Domingos folclóricos” ao Concello de Portomarín
BOPG núm. 304, do 02.09.2010

- 08/4PRE-2595(44360) (65047)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre a situación na que se atopan os traballos para restaurar a capela de Santa Cristina de Barro (Noia)
BOPG núm. 316, do 20.09.2010

- 08/4PRE-7041(52457) (64971)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a existencia de casos de vulneración do dereito dos administrados a tramitar os procedementos en lingua galega nas delegacións da Axencia Tributaria de Galicia
BOPG núm. 349, do 08.11.2010

- 08/4PRE-7042(52458) (64961)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre as consecuencias no sistema educativo galego da aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino no universitario de Galicia
BOPG núm. 349, do 08.11.2010

- 08/4PRE-7137(52690) (64970)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a obrigatoriedade do emprego polos concellos do idioma castelán nas solicitudes de fondos do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra

BOPG núm. 350, do 09.11.2010

- 08/4PRE-9801(59702) (64972)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre o apoio económico do Goberno galego a unha iniciativa privada de promoción do Xacobeo que discrimina a lingua galega
BOPG núm. 417, do 24.02.2011

- 08/5PRE-0137 (41668) (65048)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción
Sobre a denegación pola Consellería de Cultura e Turismo da subvención para a celebración dos "Domingos folclóricos" ao Concello de Portomarín

- 08/5PRE-0262(44359) (65049)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre a situación na que se atopan os traballos para restaurar a capela de Santa Cristina de Barro (Noia)

- 08/5PRE-1708(60506) (65006)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre os atrasos na xestión dos pagamentos correspondentes ao contrato de explotación sustentable do ano 2009
BOPG núm. 422, do 03.03.2011

- 08/5PRE-1772(60611)(65002)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción
Sobre os datos relativos ao cumprimento do acordo parlamentario adoptado o 11 de marzo de 2010 referido á axilización do proceso de dixitalización da prensa histórica galega e a súa posta á disposición dos cidadáns na Biblioteca Dixital de Galicia, as previsións na materia e o orzamento que se vai destinar para o ano 2011
BOPG núm. 422, do 03.03.2011

- 08/5PRE-1773(60612) (64966)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e Varela Sánchez, Ricardo Jacinto
Sobre as razóns da demora e o prazo previsto pola Consellería de Cultura e Turismo para o cumprimento do acordo parlamentario adoptado o 11 de novembro de 2010 referido á continuación das obras de rehabilitación da fonte da Pinguela, na cidade de Lugo
BOPG núm. 422, do 03.03.2011

- 08/5PRE-1824(60667) (65004)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e Viéitez Alonso, Henrique
Sobre as medidas do Goberno galego para evitar a afectación nas explotacións lácteas galegas da suspensión de pagos de Nueva Rumasa e, especificamente, de Clesa
BOPG núm. 422, do 03.03.2011

- 08/5PRE-2005(60903) (64967)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e Varela Sánchez, Ricardo Jacinto
Sobre a fase na que se atopa o proxecto de musealización dos restos arqueolóxicos atopados no Edificio Museo e Casa do Coñecemento do Vicerreitorado do Campus Universitario de Lugo, as razóns da demora das obras e o prazo previsto para o seu remate e apertura ao público
BOPG núm. 430, do 15.03.2011

- 08/5PRE-2038(61092) 64962)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e 3 deputados máis
Sobre as actuacións da Consellería de Facenda en relación co sindicato Unións Agrarias
BOPG núm. 430, do 15.03.2011

- 08/5PRE-2333(61620) (64956)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre as medidas previstas para garantir o exercicio do dereito ao voto dos empregados públicos dos servizos centrais da Consellería de Sanidade nas eleccións sindicais do 14 de marzo de 2011
BOPG núm. 435, do 22.03.2011

- 08/5PRE-2419(61752) (64960)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Suárez Canal, Alfredo
Sobre as medidas previstas para garantir o exercicio do dereito ao voto dos empregados públicos da Consellería de Sanidade nas eleccións sindicais do 14 de marzo de 2011
BOPG núm. 435, do 22.03.2011

- 08/5PRE-2541(62080) (64969)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto
Sobre o prazo previsto pola Consellería de Sanidades para o inicio da realización dos controis do cancro de mama nos diferentes hospitais comarcais e as posibles demoras que vai xerar este cambio
BOPG núm. 439, do 28.03.2011

- 08/5PRE-2543(62084) (65013)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da evolución das listas de espera da sanidade galega e as medidas que vai pór en marcha para a súa redución
BOPG núm. 439, do 28.03.2011

- 08/5PRE-2652(62201) (64964)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e 2 deputados máis
Sobre a información do Goberno galego respecto das actuais condicións de seguridade para o consumo da auga dos depósitos da traída do concello de Tui, as medidas adoptadas unha vez coñecidas a súa contaminación por trihalometanos e o contido da comunicación remitida pola Consellería de Sanidade o 23 de febreiro de 2011 aos concellos afectados

- 08/5PRE-2783(62377) (64957)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e Sestayo Doce, Beatriz
Sobre as restricións impostas aos empregados públicos no proxecto de decreto polo que se regula o rexistro, a autorización, a acreditación e a inspección do sistema galego de servizos sociais de Galicia, no acceso ás prazas de inspección de servizos sociais
BOPG núm. 439, do 28.03.2011

- 08/5PRE-2788(62432) (64974)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Suárez Canal, Alfredo
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non colaborar no patrocinio co fin de que se realice en Galicia unha proba do circuíto estatal de kitesurf
BOPG núm. 443, do 04.04.2011

- 08/5PRE-2792(62458) (65046)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre os obxectivos da convocatoria de axudas para o ano 2011 para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, a valoración das repercusións para as familias do incremento das achegas económicas que deberán realizar, así como a materialización da publicidade ao respecto
BOPG núm. 443, do 04.04.2011

- 08/5PRE-2949(62752) (65005)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o proceso seguido para a contratación da praza de director/a de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura
BOPG núm. 443, do 04.04.2011

- 08/5PRE-2956(62800) (65009)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as razóns da non distribución durante o Xacobeo 2010 dos trescentos mil folletos coa biografía de dez autores, editados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Xunta de Galicia, co fin de achegar a cultura galega ás persoas que facían o Camiño
BOPG núm. 447, do 08.04.2011

- 08/5PRE-3305(63366) (64958)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen
Sobre os datos referidos aos convenios vixentes no ano 2011, os que se van iniciar ou os que xa se iniciaron e que non existían anteriormente entre a Deputación Provincial da Coruña e a Secretaría Xeral para o Deporte, para a constru-

ción de infraestruturas deportivas correspondentes a proxectos plurianuais
BOPG núm. 451, do 14.04.2011

- 08/5PRE-3311(63392) (64968)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e Pose Mesura, Modesto
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento do Servizo de Urxencias no Centro de Saúde de Rianxo e os plans da Consellería de Sanidade para este centro
BOPG núm. 451, do 14.04.2011

- 08/5PRE-3314(63416) (65007)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e Viéitez Alonso, Henrique
Sobre o control que está a realizar a Xunta de Galicia en relación coa praga do nematodo do piñeiro
BOPG núm. 451, do 14.04.2011

- 08/5PRE-3336(63611) (64959)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre as razóns da paralización das obras de mellora da estrada AC-433 ao inicio do termo municipal de Laxe e o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a súa continuación no treito que discorre por el
BOPG núm. 451, do 14.04.2011

- 08/5PRE-3342(63668) (65011)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a elección da localización, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e as previsións do Goberno galego para a licitación da construción, así como a xestión, do novo Centro de Saúde de Ares
BOPG núm. 455, do 20.04.2011

- 08/5PRE-3345(63707) (65010)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a dispoñibilidade dos terreos necesarios e as previsións do Goberno galego para a licitación da construción, así como a xestión, dos novos centros de saúde de Arteixo e Culleredo
BOPG núm. 455, do 20.04.2011

- 08/5PRE-3358(63756) (64963)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa e 2 deputados máis
Sobre as previsións para a construción do novo Centro de Saúde de Ribadavia
BOPG núm. 455, do 20.04.2011

- 08/5PRE-3359(63758) (65012)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o anuncio publicado no Diario Oficial da Unión Europea en relación coa construción de dezaoito centros de saúde para o Sergas, a posible exclusión das medianas empresas de construción galegas a consecuencia da súa licitación conxunta, os datos e as previsións ao respecto
BOPG núm. 455, do 20.04.2011

- 08/5PRE-3438(63951) (65052)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre as xestións e a actuación prevista polo Goberno galego en relación cos criterios utilizados polo Principado de Asturias na posta en marcha dun proceso de oficialización da toponimia na comarca do Eo-Navia
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3441(63987) (64973)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis
Sobre as actuacións previstas para evitar a repetición dos vertidos de augas residuais no lugar de San Lourenzo, no concello da Pobra de Trives
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3473(64157) (65003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad
Sobre a investigación interna realizada pola Consellería de Cultura e Turismo en relación cos feitos recollidos no sumario na operación Orquestra e o número de axudas, subvencións ou calquera outro tipo de achega concedida ás asociacións, así como ao Mercado Medieval no concello de Corcubión
BOPG núm. 460, do 29.04.2011

- 08/5PRE-3530(64463) 65008)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre os datos referidos aos xefes de servizo e asimilados existentes nos distintos departamentos da Administración galega e, nomeadamente, aos dos tipos A e B existentes na Consellería do Medio Rural
BOPG núm. 468, do 11.05.2011

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2011
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7765

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
18 MAI. 2011
Núm. 65050

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 14398,** formulada polo Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Emma Álvarez Chao, sobre **"o establecemento dun acordo de colaboración cos propietarios da Fortaleza de Tovar, situada na parroquia de Santo Tomé, no concello de Lourenzá, para evitar o seu derrubamento a consecuencia das inclemencias meteorolóxicas"**, (publicada no BOPG núm. 129 do 3 de decembro de 2009), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2009 (BOPG núm. 152, do 15 de xaneiro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Cultura e Turismo ven de asinar no pasado mes de marzo un acordo co concello de Lourenzá en virtude do cal destinará 315.000 euros, repartidos en tres anualidades, para a rehabilitación deste Ben de Interese Cultural.

De xeito concreto, as actuacións que levará a cabo a Consellería de Cultura e Turismo na fortaleza de Tovar consisten principalmente na desmontaxe e acopio de material de cubrición para a súa reutilización, na rehabilitación dos sistemas estruturais de madeira de cuberta e forxados intermedios e na consolidación e reparación en muros con retirada de vexetación. Asemade,

tamén se realizarán a instalación eléctrica e iluminación básica, labores de carpinterías e reparacións en fiestras e portas e se acondicionará o contorno.

Así mesmo, a Consellería de Cultura e Turismo e o concello de Lourenzá deseñarán un itinerario para as visitas públicas á fortaleza que, en todo caso, deberá determinarse en función das posibilidades e a seguridade do propio inmoble e excluíndo aquelas dependencias ligadas de xeito exclusivo ao uso e funcionamento interno. O obxectivo desta actuación é garantir que o Pazo de Tovar poida ser visitado con normalidade e difundir a súa singularidade e riqueza arquitectónica, contribuíndo ademais á dinamización cultural e turística de toda a comarca."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7766

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
18 MAI. 2011
65051

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 41669**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López, sobre **"a denegación pola Consellería de Cultura e Turismo da subvención para a celebración dos 'Domingos folclóricos' ao Concello de Portomarín"**, (publicada no BOPG núm. 305, do 3 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo articulou durante o pasado Ano Santo a programación máis ampla e variada da súa historia, achegando máis de dous mil douscentos eventos e actividades culturais a preto de douscentos concellos de toda Galicia. Este grao de execución da programación do Xacobeo 2010 -impensable cando se asumiu a responsabilidade da xerencia do Xacobeo 2010, á vista da nula planificación realizada polo anterior goberno- non é máis que o resultado da aposta do goberno galego por unha política responsable de xestión encamiñada a obter o máximo equilibrio territorial, consciente da oportunidade que representa un acontecemento como o Xacobeo para todas as nosas cidades e vilas, incluída a de Portomarín.

No caso deste concello, no pasado ano decidiuse non participar nos Domingos Folclóricos, aportándose en cambio o patrocinio de Xacobeo para a organización das Festas Patronais do Cristo, celebradas o pasado 4 de setembro neste municipio. Neste sentido, a propia xerencia da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo púxose en contacto coa alcaldesa de Portomarín para indicarlle que o orzamento

do Xacobeo para este concello estaría destinado ás devanditas Festas Patronais do Cristo.

Así mesmo, cómpre indicar que o Xacobeo achegou ao longo do pasado ano a esta vila, pola que discorre o Camiño Francés, diversos eventos e actividades culturais, entre as que se contan un evento de música e poesía enmarcado na iniciativa Camiños de Amor e Lúa, o concerto do artista Manu Tenorio, a iniciativa dirixida ao público infantil "A Caixiña dos Mistos" e, no marco do Festival Via Stellae, o concerto de música clásica "Camiño Francés: A arpa imperial: douscentos anos de música para arpa nos territorios hispánicos". Neste mesmo termo municipal, procedeuse ademais a executar labores de restauración e posta en valor do Camiño Francés no marco do Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
18 MAI. 2011
65047

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7762

RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 44360**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"a situación na que se atopan os traballos para restaurar a capela de Santa Cristina de Barro (Noia)"**, (publicada no BOPG núm. 316, do 20 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"No ano 2008 o Concello de Noia diríxese á daquela Consellería de Cultura e Deportes para, entre outros temas, comunicar o mal estado de conservación e de inminente ruína da capela de Santa Cristina de Barro, así como do peto de ánimas situado no muro de peche do ámbito da mesma, considerándose oportuno encargar a realización dun proxecto de intervención.

O proxecto básico e de execución foi realizado baixo o título de "Reforma da Capela de San Antón e Peto de Ánimas na parroquia de Santa Cristina de Barro, concello de Noia" e entregado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural con data de 17 de abril do ano 2009- contemplando a restauración de diversos elementos da capela e do peto de ánimas.

Recibido este proxecto e comprobado o estado de ruína estable da capela e a necesidade de priorizar outras actuacións de meirande urxencia, as obras non puideron ser enviadas a licitación no ano 2009 por falla de dispoñibilidade orzamentaria, xa que non existía reserva algunha de crédito destinada ás mesmas.

Non obstante, vistos os antecedentes e exposto o tema á actual Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, así como os datos concretos sobre os bens en cuestión, estimouse que o máis axeitado era priorizar a actuación e

incluíla dentro das propostas de intervención da devandita Dirección Xeral para o ano 2010.

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da actual Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, adquiriu un compromiso firme coa rehabilitación da capela de San Antón da parroquia de Santa Cristina de Barro, ao tratarse a mesma dun elemento de valor cultural de interese, e do seu peto de ánimas, ao ter este a consideración de ben de interese cultural.

Cumprindo con este compromiso, no ano 2010 realizáronse e rematáronse os labores de reforma da capela de San Antón da parroquia de Santa Cristina de Barro, en Noia, e do seu peto de ánimas.

Así mesmo, a Consellería de Cultura e Turismo ven de realizar e rematar outras importantes intervencións no concello de Noia, entre as que se contan as obras de acondicionamento e reparación no Teatro Coliseo Noela ou as obras de reparación e consolidación executadas na Ponte de Traba, necesarias para reparar o desplome dun dos tímpanos e a greta de separación da boquiña do arco 3 e para evitar o progresivo deterioro dos seus pretís e outros tímpanos, e que foron complementadas coa cimentación dunha oquedade na pila número 2, a pavimentación da calzada e a limpeza dos muros."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7737

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Num. 64971

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 52457,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"a existencia de casos de vulneración do dereito dos administrados a tramitar os procedementos en lingua galega nas delegacións da Axencia Tributaria de Galicia"**, (publicada no BOPG núm.: 349, do 8 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"Respecto do caso mencionado, a Secretaría Xeral de Política Lingüística basea a súa valoración dos feitos no marco legal vixente, que recoñece o dereito da cidadanía de Galicia a exercer con naturalidade os seus dereitos lingüísticos, entre eles, o de tramitar en galego os procedementos oportunos nas delegacións galegas da Axencia Tributaria.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, cando ten coñecemento dalgunha situación contraria ao marco normativo no referente á materia lingüística, contacta coa entidade en cuestión co fin de que esta emprenda as accións oportunas para solucionar casos como os que se describen na pregunta."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7728

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Núm. 64961

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 52458,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"as consecuencias no sistema educativo galego da aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino no universitario de Galicia"**, (publicada no BOPG núm. 349, do 8 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"A iniciativa parlamentaria alude a un libro publicado por unha editorial, por tanto, unha empresa privada, que decidiu tanto o seu contido como a lingua vehicular do mesmo. Neste sentido, tamén é a editorial a única responsable do resultado final do material.

En consecuencia, a argumentación da exposición de motivos na que se presenta o Decreto 79/2010 como motivador desa elección non ten ningún fundamento real tendo en conta que este marco normativo non regula a lingua vehicular da dita materia.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística considera que, malia ser o castelán a lingua vehicular do libro de texto, isto non constitúe ningún obstáculo para manter o idioma orixinal dos temas musicais que nel se inclúen.

Por último, sinalar que o Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia ten como obxectivo a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia. Con ese fin, establécese un equilibrio cuantitativo, no tocante ao horario semanal, e cualitativo, respecto do contido das materias entre galego e castelán."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Núm. 64970

RS/ms

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7736

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 52690,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"a obrigatoriedade do emprego polos concellos do idioma castelán nas solicitudes de fondos do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra"**, (publicada no BOPG núm.: 350, do 9 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 24 de setembro, o Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra remitiulles aos concellos da provincia un fax con motivo da solicitude de prórroga de execución de obras do Plan Provincial de Cooperación en vigor. No apartado do documento en que se expoñen os requirimentos fundamentais especifícase, no primeiro punto, que a solicitude de prórroga de execución debe ser redacta en castelán.

A este respecto, o organismo provincial explicou nun comunicado que pediu que o impreso se cubrise en castelán porque así o solicitou o Goberno de España. Neste sentido, a Deputación de Pontevedra aclarou que, segundo demandou o Ministerio de Administracións Públicas -que cofinancia o Plan Provincial de Cooperación- as solicitudes de prórroga de execución de obras do dito Plan se deben presentar en lingua castelá co fin de axilizar e tramitar o programa en todo o territorio do Estado.

En consecuencia, o organismo provincial de Pontevedra aclarou que, ao igual que o resto de deputacións galegas, se limita a tramitar e dar curso a esta normativa que di, literalmente, que a lingua dos procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado será o castelán.

Non obstante, o Goberno galego reitérase no cumprimento do marco normativo vixente respecto do uso do galego por parte de todas as administracións."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Núm. 64972

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7738

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 59702,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"o apoio económico do Goberno galego a unha iniciativa privada de promoción do Xacobeo que discrimina a lingua galega"**, (publicada no BOPG núm.: 417, do 24 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"O obxecto do contrato asinado o 14 de xaneiro de 2010 entre a S.A de Xestión do Plan Xacobeo e a entidade Sweet Nocturna S.L.N.E. foi o patrocinio publicitario do Ciclo Xacobeo Importa, que contou cunha ampla programación de concertos celebrados ao longo de todo o ano 2010 en distintas localidades galegas e organizados pola devandita entidade.

Os diversos soportes publicitarios nos que figurou a imaxe ou mención do Xacobeo incluíron a modificación do nome do ciclo de cara á edición do 2010; a inclusión dos logos oficiais na cartelería e entradas propias de cada concerto, así como nos flyers e folletos informativos editados; a presenza en internet, a través dos banners e do dominio web propios do ciclo; a presenza en medios escritos (a través de faldóns, medias páxinas, etc.); a presenza na rolda de prensa de presentación do ciclo; e a presenza nos recintos nos que se celebraron os concertos do ciclo.

En concepto de contraprestación polo patrocinio realizado, a S.A. de Xestión do Xacobeo comprometeuse a abonar ao patrocinado a cantidade de

noventa e catro mil euros máis IVE, non asumindo máis obriga nen responsabilidade que a de achegar a devandita cantidade como contraprestación polo patrocinio realizado.

Tal e como se indicou na resposta referida, a Xunta de Galicia, a Consellería de Cultura e Turismo e a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo están, como non podería ser doutro xeito, plenamente comprometidas co respecto dos dereitos lingüísticos dos galegos e galegas e da legalidade vixente no tocante ao uso da lingua galega, así como coa normalización, promoción e emprego sistemático do galego en todas as súas comunicacións e portais web.

Neste sentido, a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo reitera a súa utilización habitual e sistemática da lingua galega en todos os seus canais de comunicación e construíu a totalidade da programación de actividades do pasado ano 2010 sobre o piar fundamental da internacionalización da cultura e da lingua propias de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Direccion Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7763

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
18 MAI. 2011
Núm. 65048

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 41668,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López, sobre **"a denegación pola Consellería de Cultura e Turismo da subvención para a celebración dos 'Domingos folclóricos' ao Concello de Portomarín"**, (publicada no BOPG núm. 304 do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo articulou durante o pasado Ano Santo a programación máis ampla e variada da súa historia, achegando máis de dous mil douscentos eventos e actividades culturais a preto de douscentos concellos de toda Galicia. Este grao de execución da programación do Xacobeo 2010 -impensable cando se asumiu a responsabilidade da xerencia do Xacobeo 2010, á vista da nula planificación realizada polo anterior goberno- non é máis que o resultado da aposta do goberno galego por unha política responsable de xestión encamiñada a obter o máximo equilibrio territorial, consciente da oportunidade que representa un acontecemento como o Xacobeo para todas as nosas cidades e vilas, incluída a de Portomarín.

No caso deste concello, no pasado ano decidiuse non participar nos Domingos Folclóricos, aportándose en cambio o patrocinio de Xacobeo para a organización das Festas Patronais do Cristo, celebradas o pasado 4 de setembro neste

municipio. Neste sentido, a propia xerencia da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo púxose en contacto coa alcaldesa de Portomarín para indicarlle que o orzamento do Xacobeo para este concello estaría destinado ás devanditas Festas Patronais do Cristo.

Así mesmo, cómpre indicar que o Xacobeo achegou ao longo do pasado ano a esta vila, pola que discorre o Camiño Francés, diversos eventos e actividades culturais, entre as que se contan un evento de música e poesía enmarcado na iniciativa Camiños de Amor e Lúa, o concerto do artista Manu Tenorio, a iniciativa dirixida ao público infantil "A Caixiña dos Mistos" e, no marco do Festival Via Stellae, o concerto de música clásica "Camiño Francés: A arpa imperial: douscentos anos de música para arpa nos territorios hispánicos". Neste mesmo termo municipal, procedeuse ademais a executar labores de restauración e posta en valor do Camiño Francés no marco do Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7764

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
18 MAI. 2011
6S049

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número: 44359,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"a situación na que se atopan os traballos para restaurar a capela de Santa Cristina de Barro (Noia)"**, (publicada no BOPG núm. 304 do 2 de setembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"No ano 2008 o Concello de Noia diríxese á daquela Consellería de Cultura e Deportes para, entre outros temas, comunicar o mal estado de conservación e de inminente ruína da capela de Santa Cristina de Barro, así como do peto de ánimas situado no muro de peche do ámbito da mesma, considerándose oportuno encargar a realización dun proxecto de intervención.

O proxecto básico e de execución foi realizado baixo o título de "Reforma da Capela de San Antón e Peto de Ánimas na parroquia de Santa Cristina de Barro, concello de Noia" e entregado na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural con data de 17 de abril do ano 2009- contemplando a restauración de diversos elementos da capela e do peto de ánimas.

Recibido este proxecto e comprobado o estado de ruína estable da capela e a necesidade de priorizar outras actuacións de meirande urxencia, as obras non puideron ser enviadas a licitación no ano 2009 por falla de dispoñibilidade orzamentaria, xa que non existía reserva algunha de crédito destinada ás mesmas.

Non obstante, vistos os antecedentes e exposto o tema á actual Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, así como os datos concretos sobre os bens en cuestión, estimouse que o máis axeitado era priorizar a actuación e incluíla dentro das propostas de intervención da devandita Dirección Xeral para o ano 2010.

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da actual Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, adquiríu un compromiso firme coa rehabilitación da capela de San Antón da parroquia de Santa Cristina de Barro, ao tratarse a mesma dun elemento de valor cultural de interese, e do seu peto de ánimas, ao ter este a consideración de ben de interese cultural.

Cumprindo con este compromiso, no ano 2010 realizáronse e rematáronse os labores de reforma da capela de San Antón da parroquia de Santa Cristina de Barro, en Noia, e do seu peto de ánimas.

Así mesmo, a Consellería de Cultura e Turismo ven de realizar e rematar outras importantes intervencións no concello de Noia, entre as que se contan as obras de acondicionamento e reparación no Teatro Coliseo Noela ou as obras de reparación e consolidación executadas na Ponte de Traba, necesarias para reparar o desplome dun dos tímpanos e a greta de separación da boquiña do arco 3 e para evitar o progresivo deterioro dos seus pretís e outros tímpanos, e que foron complementadas coa cimentación dunha oquedade na pila número 2, a pavimentación da calzada e a limpeza dos muros."

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7751

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
Nº 65006

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 60506**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **"os atrasos na xestión dos pagamentos correspondentes ao contrato de explotación sustentable do ano 2009"**, (publicada no BOPG núm. 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Os pagos das axudas aprobadas do ano 2009 realízanse despois de que os agricultores presenten a xustificación de teren cumpridos os compromisos asumidos no contrato de explotación sustentable, mediante a entrega do caderno de explotación cuxo prazo de presentación rematou o 31 de maio de 2010.

Logo a Administración debe realizar os controis administrativos de todos os cadernos presentados e as visitas sobre o terreo establecidas na normativa para determinar o cumprimento dos ditos compromisos, previamente ao pago.

Os primeiros pagos das axudas de 2009 transferíronse aos agricultores con data 18 e 25 de novembro de 2010 por un importe total de mais de 9.5 millóns de euros. O importe total de axudas pagadas da **campaña 2009 é de 16.128.114 euros.**"

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7747

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
65002

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 60611,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López, sobre **"os datos relativos ao cumprimento do acordo parlamentario adoptado o 11 de marzo de 2010, referido á axilización do proceso de dixitalización da prensa histórica galega e a súa posta a disposición dos cidadáns na Biblioteca Dixital de Galicia, as previsións na materia e o orzamento que se vai destinar para o ano 2011"**, (publicada no BOPG núm. 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"No ano 2010 foron dixitalizadas 104 cabeceiras de periódicos e revistas galegas, así como 15.488 números e 124.694 imaxes de prensa galega.

De xeito pormenorizado, as cabeceiras dos periódicos e revistas galegas dixitalizadas son as que seguen:

1. *A.C.G.: órgano oficial del Auto-Aero Club afiliado al Automóvil Club de España*
2. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*
3. *Boletín oficial de la Diócesis de Ourense*

4. *Boletín oficial eclesiástico del Arzobispado de Santiago*
5. *Estudios gallegos: revista quincenal de lenguaje, finanza, turismo*
6. *Logos*
7. *Resol*
8. *Revista del Autoaeroclub de Galicia*
9. *Acción Social*
10. *Alento : boletín de estudios políticos*
11. *Boletín de educación de La Coruña : órgano oficial de la primera enseñanza de la provincia*
12. *Boletín de la federación mindoniense de sindicatos agrícolas*
13. *Céltiga*
14. *Derecho y justicia*
15. *Diario de La Coruña*
16. *Domecq en Galicia*
17. *Galicia diplomática*
18. *Mondariz*
19. *A Nosa terra*
20. *O noso lar*

21. *Revista de farmacia*

22. *Rexurdimento*

23. *La tierra gallega*

24. *O tío Marcos d´a Portela*

25. *O tío pepe*

26. *La voz del tecla*

27. *La Zarpa*

28. *Acción coruñesa: periódico defensor de los intereses de la capital de Galicia*

29. *Aurora : revista informativa-literaria*

30. *El centinela de Galicia: periódico político, literario e industrial*

31. *El ciudadano por la Constitución*

32. *El correo de Lugo*

33. *El criticón : periódico dominguero, lenguaraz y novelero*

34. *El cronista: periódico satírico y literario*

35. *La defensa*

36. *El defensor de Galicia*

37. *Diario del gobierno de La Coruña*

38. *El domingo: pasatiempo semanal ilustrado*

39. *El eco escolar : hoja diaria de noticias y avisos, y de intereses generales*

40. *El eco escolar : revista semanal compostelana, científica, literaria y de intereses generales*

41. *Estafeta de Santiago*

42. *Exacto correo de España en La Coruña*

43. *Exacto diario en La Coruña*

44. *Extracto de literatura: semanario dosimétrico ylustrado*

45. *Galicia : diario de Vigo*

46. *Galicia industrial y comercial : revista mensual ilustrada*

47. *Galicia pintoresca : revista quincenal ilustrada*

48. *El gallego : agricultura, industria, comercio, ciencias, artes y literatura*

49. *Gazeta marcial y política de Santiago*

50. *La ilustración de La Coruña : diario de literatura, mercantil y avisos*

51. *El iris de Galicia*

52. *Labrego: semanario d'intreses rexionales e literatura*

53. *La lira : periódico quincenal de literatura y música dedicado al bello sexo*

54. *El Miño : periódico de Galicia, comercial, industrial, literario y de noticias*

55. *La oliva : periódico de política, literatura e intereses materiales*

56. *Patria gallega : revista semanal ilustrada*

57. *La pequeña patria : revista decenal de literatura, ciencias y artes*

58. *Revista de Galicia*

59. *La revista popular : ciencias, arte, literatura*

60. *Santiago : revista literaria*

61. *El ateneo : periódico de intereses materiales, ciencias, artes y literatura*

62. *La aurora del Miño : periódico de intereses morales y materiales*

63. *El brigantino : semanario satírico-caricaturesco*

64. *El despertador : periódico de primera enseñanza de la provincia de La Coruña*

65. *El eco compostelano : periódico de intereses generales y crónica*

66. *El eco de Galicia : periódico de intereses generales y amena literatura*

67. *El fomento de Galicia : periódico destinado principalmente al desarrollo de los intereses materiales del pais*

68. *Galicia histórica : revista bimestral*

69. *El heraldo gallego : semanario de ciencias, artes y literatura*

70. *Liceo Brigantino : eco de las secciones de literatura, ciencias, música y declamación*

71. *La nueva Galicia : periódico destinado a la defensa de los intereses morales y materiales del píis*

72. *El orensano : publicación periódica de intereses morales y materiales*

73. *La patria gallega : boletín-revista : órgano oficial de la Asociación Regionalista*

74. *La semana : revista ilustrada*

75. *El obrero*

76. *El telegrama*

77. *La ilustración de La Coruña*

78. *Las riberas del Eo*

79. *O´galiciano*

80. *A monteira*

81. *Nós (La Habana)*

82. La integridad

83. Minerva

84. El Mendo

85. El país gallego

86. EL pensamiento galaico

87. El profesorado

88. EL solomillo

89. El Tambre

90. La prensa gallega

91. La revista compostelana

92. La semana literaria

93. La vanguardia

94. La víbora

95. Las noticias

96. Las provincias gallegas

97. El conciso gallego

98. Postillón del exacto correo de España en La Coruña

99. *El porvenir*

100. *Galicia (Ferrol)*

101. *La tribuna*

102. *La aurora de Galicia*

103. *Galicia humorística*

104. *El eco de Orense*

A Biblioteca Dixital de Galicia ofrece na actualidade, para a súa consulta por parte dos cidadáns, 259 rexistros bibliográficos de cabeceiras, 134.262 números seriados e 715.643 páxinas de prensa histórica galega.

Pola súa banda, o proxecto de dixitalización de prensa histórica de Galicia para o ano 2011 céntrase nos primeiros anos de publicación de '*El Correo Gallego*', unha das cabeceiras en curso máis destacadas de Galicia.

O presuposto que vai destinar a Consellería de Cultura e Turismo para a dixitalización de prensa galega no ano 2011 é de 52.398, 36 €, que se suma á achega do Ministerio de Cultura de 45.881,64 €, cun total de 98.280 €."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7732

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Núm. 64966

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 60612**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e don Ricardo Jacinto Varela Sánchez, sobre **"as razóns da demora e o prazo previsto pola Consellería de Cultura e Turismo para o cumprimento do acordo parlamentario adoptado o 11 de novembro de 2010, referido á continuación das obras de rehabilitación da Fonte da Pinguela, na cidade de Lugo"**, (publicada no BOPG núm. 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto técnico de intervención do que dispón a Consellería de Cultura e Turismo está a ser actualizado e modificado por motivos técnicos de importancia que -á marxe da necesaria revisión dun documento do ano 2008- resultan imprescindibles para unha axeitada intervención. Principalmente, entre outros, no ámbito de contacto da pavimentación co denominado Corpo de Garda, estrutura de orixe romana asociada á Porta Miñá da Muralla, para garantir que as escorrentías non conduzan as augas cara estes restos; así como no actual pavimento na propia Porta Miñá, co obxecto de recuperar unha cota de acabado que permita a súa axeitada apreciación e que implica a corrección das instalacións de saneamento. Todas elas constitúen modificacións e pasos previos necesarios e imprescindibles para a correcta execución das obras pendentes.

A este respecto, ademais, cómpre ter en consideración que a execución desta intervención ten un alcance maior que o da propia recuperación da Fonte da Pinguela, polo que a leal e honesta colaboración entre administracións, á marxe

de calquera outro tipo de interese, será o principal obxectivo a acadar por parte da Xunta para o beneficio da Muralla Romana de Lugo -monumento pertencente á Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO-, así como para o conxunto histórico da cidade de Lugo.

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, está a cumprir un ano máis cos compromisos adquiridos coa mellora e posta en valor do patrimonio da cidade de Lugo, como así o demostra o recente inicio dos traballos de retirada da vexetación do adarve, peitorís, escaleiras e rampla da Muralla Romana de Lugo, que se estenderán por un período aproximado de vinte días, sen interromper a libre circulación dos viandantes polo monumento.

Uns traballos que se enmarcan no plan de mantemento da Muralla de Lugo (2011-2014) impulsado pola Xunta de Galicia e que nos vindeiros catro anos contempla un investimento de un millón de euros para a conservación e restauración deste Ben de Interese Cultural. A licitación do Plan, que se atopa integramente redactado, iniciarase no presente mes de maio e comezará a executarse este mesmo verán. Deste xeito, destinaranse 250.000 euros no presente exercicio á execución de traballos de tratamento e limpeza de vexetación, consolidación do pavimento, reposicións, instalación eléctrica e de iluminación, así como outras pequenas obras de impermeabilización.

Así mesmo, a Consellería de Cultura e Turismo executará este ano diversas obras de restauración no ámbito da muralla, como as previstas para a rehabilitación do xacemento arqueolóxico do templo de Mitra, localizado nun espazo anexo baixo o edificio do Vicerreitorado, ou nos cubos LXXVII e XXXVIII, para asegurar a súa estabilidade estrutural e as das edificacións inmediatas, contemplándose ademais unha intervención para garantir a accesibilidade no ámbito de Porta Miñá, logo da elaboración por parte da Consellería de Cultura e Turismo dun mapa da muralla na que se distinguen as zonas accesibles, sobre a base da súa propia configuración construtiva."

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7749

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
65004

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 60667**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Henrique Viéitez Alonso, sobre **"as medidas do Goberno galego para evitar a afectación nas explotacións lácteas galegas da suspensión de pagos de Nueva Rumasa e, especificamente, de Clesa"**, (publicada no BOPG núm. 422, do 3 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Desde finais de 2010 son evidentes os síntomas da difícil situación financeira das empresas de NUEVA RUMASA, grupo empresarial complexo entre o que se integra CLESA, SL sociedade con enderezo en Madrid que é a titular, entre outras, dunha planta de elaboración de produtos lácteos en Caldas de Reis (Pontevedra).

Os retrasos nos pagamentos aos provedores de materias primas provocaron a falta do seu subministro coa conseguinte perda de contratos e agravamento da situación. En marzo de 2011 a empresa CLESA, SL presenta solicitude de concurso de acredores.

As débedas afectan a traballadores da planta de Caldas, á Seguridade Social, a provedores, e entre eles están os subministradores de leite da planta de Caldas.

O subministro de leite á planta citada víñase facendo prioritariamente a través de primeiros compradores, que ante os incumprimentos nos pagos buscaron

novos destinos para o leite e deixaron de abastecer á planta, aínda que con débedas pendentes de cobro.

A presentación de concurso de acredores para a empresa CLESA, SL sinala o camiño para a reclamación das débedas. Os subministradores de leite galegos con débedas pendentes teñen dispoñibles liñas de crédito do IGAPE que poden axudar a paliar as consecuencias negativas deses incumprimentos da empresa CLESA,S.L."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
64967

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7733

RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 60903**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e varios/as deputados/as máis, sobre **"a fase na que se atopa o proxecto de musealización dos restos arqueolóxicos atopados no Edificio Museo e Casa do Coñecemento do Vicerreitorado do Campus Universitario de Lugo, as razóns da demora das obras e o prazo previsto para o seu remate e apertura ao público"**, (publicada no BOPG núm. 430, do 15 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A pesar do actual contexto de contención do gasto público autonómico, a Consellería de Cultura e Turismo ten previsto realizar na presente anualidade importantes intervencións de mantemento, posta en valor e mellora do patrimonio da cidade de Lugo e, especificamente, da Muralla Romana e da súa contorna, entre as que se contan os labores de retirada da vexetación do adarve, peitorís, escaleiras e rampla da muralla, xa comezadas e que constitúen o paso previo para a posta en marcha do Plan de mantemento 2011-2014, que nos próximos catro anos contempla un investimento dun millón de euros para a conservación e restauración deste Ben de Interese Cultural; ou as obras de restauración nos cubos LXXVII e XXXVIII, para asegurar a súa estabilidade estrutural e as das edificacións inmediatas, contemplándose unha intervención para garantir a accesibilidade no ámbito de Porta Miñá, logo da elaboración por parte da Consellería de Cultura e Turismo dun mapa da muralla na que se

distinguen as zonas accesibles sobre a base da súa propia configuración construtiva.

Neste contexto, a Xunta de Galicia destinará de xeito específico no actual exercicio, a través da Consellería de Cultura e Turismo, un total de catrocentos trinta mil euros para a rehabilitación do devandito xacemento arqueolóxico asociado á Muralla de Lugo, denominado templo de Mitra, localizado no espazo anexo á muralla baixo o edificio do Vicerreitorado do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta inversión de rehabilitación e posta en valor do importante xacemento atopado encádrase no marco dun convenio entre a Xunta de Galicia, a propia Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Lugo.

Ao abeiro do mesmo, as actuacións previstas neste xacemento arqueolóxico para a presente anualidade incluirán non só o remate das obras de acabados interiores, senón tamén traballos de accesibilidade do asentamento, así como labores de posta en valor do mesmo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7729

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Núm. 64962

RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61092**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **"as actuacións da Consellería de Facenda en relación co sindicato Unións Agrarias"**, (publicada no BOPG núm. 430, do 15 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma incluíu dentro do Plan de Control Financeiro para o ano 2010, de acordo co disposto no artigo 44.1 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, a realización de controis financeiros sobre determinadas entidades que foron beneficiarias de subvencións para o fomento do emprego concedidas ao abeiro da orde do 29 de decembro de 2008 pola se establecen as bases que regulan, para o exercicio 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito dos órganos e organismos das administracións publicas distintas da local, universidades e entidades sen animo de lucro, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 7 do 12.01.09).

A realización destes controis foi motivada pola solicitude presentada pola Consellería de Traballo e Benestar comunicando que, con base no artigo 7º.2 da Orde no que se establece a obriga dos beneficiarios de someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Consellería de Traballo e Benestar e, a instancias do Director Xeral de Promoción do Emprego, realizáronse actuacións de revisión co obxecto de verificar a realidade da

prestación dos servizos por parte dos traballadores desempregados contratados mediante os ditos programas de cooperación. Nestas revisións os funcionarios da Dirección Xeral que realizaron as visitas detectaron posibles irregularidades que puideran afectar ao cumprimento das condicións ou requisitos que determinaron a concesión ou desfrute das axudas por parte de ditas entidades.

Esta non foi a primeira vez que se ten iniciado un procedemento de control financeiro a solicitude dun órgano xestor de subvencións, xa que a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é o órgano competente para a realización de controis financeiros de subvencións, segundo establece a lei 9/2007 de subvencións de Galicia. En concreto, o artigo 42.1 dispón que:

*'A competencia para exercer o control de subvencións correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das funcións que a Constitución española e as leis lles outorgan ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia e do disposto no artigo 3 desta lei.'*

Con data 9 de xullo de 2010 se nomeou o equipo de traballo, integrado por persoal da Intervención Xeral, e con data 14 de xullo de 2010 se notificou, de acordo co disposto no artigo 47 da lei 9/2007, o inicio do control financeiro ao órgano xestor e aos beneficiarios das ditas subvencións.

O persoal especializado da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma pertence as escalas de finanzas da Comunidade Autónoma de Galicia e dispón da formación técnica necesaria para levar a cabo controis financeiros de subvencións. En concreto, o decreto de estrutura orgánica da Consellería de Facenda recolle dentro das actuacións a realizar polas unidades da Intervención Xeral o control financeiro de subvencións.

De acordo co disposto no artigo 47 da lei de subvencións de Galicia:

*'O exercicio do control financeiro de subvencións adecuarase ao plan anual de auditorías e ás súas modificacións, debidamente motivadas, que aprobe anualmente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.*

*O plan comprenderá os beneficiarios e, se é o caso, as entidades colaboradoras sobre as que se realizarán os controis financeiros, e o seu alcance.'*

En relación ao contido do Plan de Control, con base no establecido no artigo 44 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no artigo 62.1.a ) e b) do Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello de 11 de xullo, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao FEDER, ao FSE e ao Fondo de Cohesión, no artigo 61.1. a) e b) do Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello de 27 de xullo, relativo ao FEP e nas estratexias de auditoría dos respectivos Programas Operativos Galicia FSE, FEDER e FEP, aprobadas pola Comisión Europea, dentro do Plan de Control Financeiro de 2010 se incluíron os seguintes tipos de auditorías:

1. Auditorías de sistemas. O obxectivo principal das auditorías de sistemas é determinar se os sistemas de xestión e control das autoridades e organismos a auditar están funcionando eficazmente para previr erros e irregularidades, e no caso de que tales erros ou irregularidades prodúzanse, se os mencionados sistemas son eficaces para detectalos e corrixilos.

2. Auditorías de operacións. Con carácter xeral, o obxectivo das auditorías de operacións cofinanciadas con fondos comunitarios (FSE, FEDER ou FEP) será dar cumprimento a o disposto no artigo 16 do Regulamento (CE) 1828/2006, del Consejo e no artigo 42 do Regulamento (CE) 498/2007, del Consejo e demais normativa comunitaria e nacional aplicable, así como, no seu caso, verificar a adecuada obtención, desfrute e destino das subvencións por parte dos beneficiarios.

Polo que se refire á pregunta formulada sobre a situación actual dos controis sobre as asociacións agrarias neste momento se atopan suspendidos.

Con data 4 de xaneiro de 2011 recíbese na Intervención escrito da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no que se aporta documentación da que se desprende a existencia de procedementos xudiciais abertos que podían afectar aos beneficiarios que estaban sendo obxecto de control financeiro. Por elo

no momento en que este órgano de control tivo coñecemento da existencia destes procedementos xudiciais que podían afectar aos controis iniciados, se elevou consulta a Asesoría Xurídica Xeral sobre a procedencia de suspender os mesmos e, ante o informe emitido por esta, en Resolucións de 15 de febreiro de 2011 da Intervención Xeral se procedeu a suspender os procedementos de control ata que se resolvan os procedementos xudiciais en curso, o que foi comunicado aos beneficiarios e ao órgano xestor, en escritos de data 18 de febreiro de 2011.

Polo tanto, a actuación levada a cabo pola Intervención Xeral respectou en todo momento a normativa aplicable en materia de control financeiro de subvencións, tanto no momento do inicio das actuacións de control, como na decisión de suspensión das mesmas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7723

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
11 MAI. 2011
64956

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61620**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"as medidas previstas para garantir o exercicio do dereito ao voto dos empregados públicos dos servizos centrais da Consellería de Sanidade nas eleccións sindicais do 14 de marzo de 2011"**, (publicada no BOPG núm. 435, do 22 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"Con data do 21 de febreiro, ás 11 horas, de conformidade co preaviso electoral, procedeuse á constitución das mesas electorais.

Ese mesmo día a mesa electoral coordinadora, de acordo coa proposta das organizacións sindicais, aprobou o calendario electoral e ordenouse a exposición do censo electoral do 22 de febreiro ao 2 de marzo de 2011. Este prazo de exposición ten por obxecto o presentar reclamacións por calquera con interese lexítimo en elo (electores, organizacións sindicais, administración) para solventar todos os erros e as omisións que se poidan producir nos datos contidos ou non no mesmo.

Con data do 3 de marzo de 2011, ás 10 horas, tivo lugar a reunión da mesa electoral coordinadora, coa presenza de Administracións e OO.SS, sendo o obxecto da xuntanza:

- Analizar e resolver as reclamacións presentadas contra o censo (2 reclamacións para a inclusión no censo da Consellería de Sanidade, unha

para a mesa de Fontiñas, outra de emenda de erro na data de nacemento e a reclamación de 4 funcionarios da Academia de Seguridade da Estrada). Foron todas estimadas , agás a da Academia.

- Elevarse a definitivo o censo.
- Proceder a determinar o número de representantes a elixir nas eleccións: 27 membros.

O día 4 de marzo, a organización sindical CIG, presentou (chegou a última hora do venres 4) reclamación para incluír un listado de persoas da Consellería de Sanidade que non estaban incluídos no censo exposto e que xa tiña sido elevado a definitivo sen a inclusión desas persoas.

O día 7 de marzo (luns) as 14 horas, tivo lugar a xuntanza da mesa electoral coordinadora, que resolveu inadmitir dita reclamación por extemporánea.

A mesa está composta por empregados públicos que seguindo determinados criterios obxectivos establecidos na normativa electoral lles corresponde de xeito irrenunciable, é dicir a mesa non é a administración e as súas decisións son autónomas e independentes da mesma. Pois ben, os integrantes da mesa, unha vez ouvidos os representantes da administración e os representantes da CIG, CCOO, UGT e CSI-F, decidiron, dado que tiña pasado o prazo de reclamacións e ademais se tiña xa elevado a definitivo o censo electoral non estimar o escrito presentado pola CIG por extemporaneo, dado que admitilo podía supor unha posible reclamación posterior que poida por en perigo todo o proceso electoral no que están inmersos.

Posteriormente foise a un Laudo Arbitral, e acordouse por todas as partes implicadas permitir aos funcionarios da Consellería de Sanidade/Sergas poder exercer o seu dereito ao voto sempre que presentasen certificado da súa unidade de persoal expresiva da súa calidade de Funcionario Público da dita Consellería ou Organismo Autónomo, co que así se garante o dereito de todos os empregados públicos, non obstante, o que o laudo non permite é que algún dos

omitidos no censo se poida presentar como candidato por algunha organización sindical."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7727

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Núm. 64960

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61752,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana L. Bouza Santiago e don Alfredo Suárez Canal, sobre **"as medidas previstas para garantir o exercicio do dereito ao voto dos empregados públicos da Consellería de Sanidade nas eleccións sindicais do 14 de marzo de 2011"**, (publicada no BOPG núm. 435, do 22 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda,** que ten o seguinte contido:

"Con data do 21 de febreiro, ás 11 horas, de conformidade co preaviso electoral, procedeuse á constitución das mesas electorais.

Ese mesmo día a mesa electoral coordinadora, de acordo coa proposta das organizacións sindicais, aprobou o calendario electoral e ordenouse a exposición do censo electoral do 22 de febreiro ao 2 de marzo de 2011. Este prazo de exposición ten por obxecto o presentar reclamacións por calquera con interese lexitimo en elo (electores, organizacións sindicais, administración) para solventar todos os erros e as omisións que se poidan producir nos datos contidos ou non no mesmo.

Con data do 3 de marzo de 2011, ás 10 horas, tivo lugar a reunión da mesa electoral coordinadora, coa presenza de Administracións e OO.SS, sendo o obxecto da xuntanza:

- Analizar e resolver as reclamacións presentadas contra o censo ( 2 reclamacións para a inclusión no censo da Consellería de Sanidade, unha para a mesa de Fontiñas, outra de emenda de erro na data de nacemento e a reclamación de 4 funcionarios da Academia de Seguridade da Estrada). Foron todas estimadas , agás a da Academia.

- Elevarse a definitivo o censo.

- Proceder a determinar o número de representantes a elixir nas eleccións: 27 membros.

O día 4 de marzo, a organización sindical CIG, presentou (chegou a última hora do venres 4) reclamación para incluír un listado de persoas da Consellería de Sanidade que non estaban incluídos no censo exposto e que xa tiña sido elevado a definitivo sen a inclusión desas persoas.

O día 7 de marzo (luns) as 14 horas, tivo lugar a xuntanza da mesa electoral coordinadora, que resolveu inadmitir dita reclamación por extemporánea.

A mesa está composta por empregados públicos que seguindo determinados criterios obxectivos establecidos na normativa electoral lles corresponde de xeito irrenunciable, é dicir a mesa non é a administración e as súas decisións son autónomas e independentes da mesma. Pois ben, os integrantes da mesa, unha vez ouvidos os representantes da administración e os representantes da CIG, CCOO, UGT e CSI-F, decidiron, dado que tiña pasado o prazo de reclamacións e ademais se tiña xa elevado a definitivo o censo electoral non estimar o escrito presentado pola CIG por extemporáneo, dado que admitilo podía supor unha posible reclamación

posterior que poida por en perigo todo o proceso electoral no que están inmersos.

Posteriormente foise a un Laudo Arbitral, e acordouse por todas as partes implicadas permitir aos funcionarios da Consellería de Sanidade/Sergas poder exercer o seu dereito ao voto sempre que presentasen certificado da súa unidade de persoal expresiva da súa cualidade de Funcionario Público da dita Consellería ou Organismo Autónomo, co que así se garante o dereito de todos os empregados públicos, non obstante, o que o laudo non permite e que algún dos omitidos no censo se poida presentar como candidato por algunha organización sindical."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
64969

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7735

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62080,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura, sobre **"o prazo previsto pola Consellería de Sanidades para o inicio da realización dos controis do cancro de mama nos diferentes hospitais comarcais e as posibles demoras que vai xerar este cambio"**, (publicada no BOPG núm. 439, do 28 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"As unidades de exploración dos hospitais comarcais comezan a súa actividade nas datas nas que lles tocaría explorarse ás mulleres da área de influencia de cada hospital. Como xa é sabido, o programa ten o compromiso de explorar a todas as mulleres do grupo de idade de 50 a 69 anos residentes en Galicia, cunha periodicidade de 24-30 meses. Tendo en conta que o programa vai citando mulleres por áreas xeográficas, cada unidade de exploración ubicada nun hospital comarcal comeza a súa actividade segundo ás datas da anterior exploración das mulleres dos concellos da súa área e remata a súa actividade cando xa se exploraron todas estas mulleres. É dicir, funcionarán un número determinado de meses cada dous anos.

**Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira**: Iniciou a súa actividade o dia 1-7-2010 e rematou o dia 8-12-2010.

**Hospital Comarcal de O Salnés**: Iniciou a súa actividade o dia 7-11-2010 e rematará previsiblemente a finais de setembro deste ano 2011.

**Hospital Comarcal de Verín**: Iniciou a súa actividade o dia 1-12-2010 e rematará previsiblemente a finais de abril deste ano 2011.

**Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras**: Iniciou a súa actividade o dia 14-03-2011 e rematará previsiblemente a finais do mes de xullo deste ano 2011.

As datas de inicio da actividade nos hospitais comarcais axustáronse á programación prevista para os concellos de cada área.

O resto dos hospitais comarcais comezaron a súa actividade nas datas previstas, cunha marxe de dous ou tres días.

Esta modalidade operativa do programa aumenta a flexibilidade necesaria para poder alargar os tempos de utilización das estruturas dos hospitais comarcais ou a ampliación do tempo de funcionamento das unidades fixas por las tardes, o que permitirá que as mulleres poidan explorarse cada 24 meses sen demoras de ningún tipo.

O balance da participación é claramente positivo, e supera amplamente o nivel de participación considerado aceptable polas 'Guías Europeas de garantía de calidade en cribado y diagnóstico mamográfico' que é do 70% e tamén o considerado desexable por estas mesmas guías, o 75%."

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7758

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
Núm 65013

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62084**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"as previsións da Consellería de Sanidade respecto da evolución das listas de espera da sanidade galega e as medidas que vai pór en marcha para a súa redución"**, (publicada no BOPG núm. 439, do 28 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Non existe lista de espera en Atención Primaria. Apostamos pola utilización das novas tecnoloxías e as súas vantaxes, como a historia clínica e a receita electrónica, a telemedicina e o traballo en rede, a xestión integrada, a xestión clínica e a xestión por procesos, a mellora da produtividade, a xestión eficiente e a xestión das listas de espera con criterios de priorización.

Por outra banda sinalar que a información requirida nesta iniciativa xa foi ofrecida no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 62085 -do mesmo tema e da mesma autoría- na sesión da Comisión 5ª do 5/05/2011. Remitímonos ao alí exposto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

R[illegible]o Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Núm. 64964

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7731

RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62201**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarí e varios/as deputación máis, sobre **"a información do Goberno galego respecto das actuais condicións de seguridade para o consumo da auga dos depósitos da traída do concello de Tui, as medidas adoptadas unha vez coñecidas a súa contaminación por trihalometanos e o contido da comunicación remitida pola Consellería de Sanidade o 23 de febreiro de 2011 aos concellos afectados"**, (publicada no BOPG núm. 440, do 29 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Dende o día 11 de marzo, realízanse periodicamente analíticas de mostras de auga de distintos puntos dos dous abastecementos comprobando que os niveis de concentración de trihalometanos (THMs) seguen por debaixo do límite esixido na lexislación vixente.

Unha vez que a xestora do concello de Tomiño remitiu á xefatura territorial de Sanidade en Pontevedra a comunicación por fax do incumprimento da calidade da auga de consumo humano, os farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública (FISP) da zona de Vigo realizan a inspección do abastecemento de Tomiño e comproban que segundo as análises da xestora, os niveis de THMs están elevados aínda que están aplicando as medidas correctoras adecuadas. Tómanse mostras de auga en distintos puntos da rede para enviar a determinar os THMs no Laboratorio de Saúde Pública (LSP) de Lugo. Na mesma mañá os FISP realizan a inspección no abastecemento de Tui e recollen mostras no depósito e distintos puntos da rede para determinar o nivel de THMs no LSP de Lugo. Á espera dos resultados das

analíticas das mostras recollidas o día anterior, os FISP acoden aos dous abastecementos comprobando que se está realizando a limpeza e demais medidas correctoras.

Á vista dos resultados das análises nos que se detectan niveles de THMs superiores ao límite paramétrico permitido no Anexo I do RD 140/2003 na auga de consumo humano de diferentes puntos da rede e depósitos dos abastecementos de Tui e Tomiño, se lles envía dende a xefatura territorial vía fax aos concellos a recomendación da "restrición do uso da auga de consumo como auga de bebida, mentres non se reduza o nivel de THMs a valores por debaixo dos límites paramétricos esixidos na lexislación, para evitar riscos potenciais para a saúde da poboación".

A partir da restrición permanécese en contacto cos abastecementos e realízase un seguimento exhaustivo por parte dos FISP das medidas correctoras aplicadas nos concellos e as correspondentes recollida de mostras para controlar os niveis de THMs.

O Departamento territorial de Sanidade en Pontevedra, o día 3 e 11 de marzo comunica aos concellos de Tui e Tomiño respectivamente o levantamento da restrición do consumo da auga."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7724

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Núm. 64957

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62377**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas e dona Beatriz Doce Sestayo, sobre **"as restricións impostas aos empregados públicos no proxecto de decreto polo que se regula o rexistro, a autorización, a acreditación e a inspección do sistema galego de servizos sociais de Galicia, no acceso ás prazas de inspección de servizos sociais"**, (publicada no BOPG núm. 439, do 28 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"A Secretaría Xeral de Familia e Benestar conta, entre outras coa Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais e 3 servizos de inspección especializados por áreas de actuación aos que están asignadas 12 prazas de inspector/a de servizos sociais (abertos aos grupos A, B e C, nivel 25). A complexidade das funcións a desenvolver esixe unha tarefa de formación moi intensa que completa a formación académica da persoa candidata.

Tanto os inspectores como os xefes de servizo realizan tarefas de inspección debendo especializarse no manexo da lexislación e especificidades propias das entidades, centros e programas que inspeccionan e na lexislación xeral e técnica aplicable.

As areas de coñecemento básico en inspección esténdense a:

- Normativa vixente en materia de servizos sociais

- Procedemento sancionador
- Normativa técnica básica en materia de edificación
- Accesibilidade
- Habilidades sociais
- Formación en xestión por procesos e calidade
- Prevención de riscos
- Normativa de seguridade
- Técnicas básicas de xestión e de resolución de conflitos

As áreas de coñecemento especializado en función da área a inspeccionar esténdense a:

- Normativa específica (maiores, dependencia, discapacidade, menores, familia, infancia, comunidade, inclusión e igualdade)
- Boas prácticas en atención a persoas institucionalizadas en centros de servizos sociais
- Coñecementos na área educativa (especialmente infancia e menores)
- Coñecementos básicos sobre patoloxías propias de maiores e persoas discapacitadas

As funcións que teñen atribuídas inclúen tanto o asesoramento técnico, a fiscalización de centros e servizos, a fiscalización do emprego de subvencións, a avaliación de procedementos de contratación e concertación de servizos e prazas, a inspección das instalacións e do funcionamento dos centros públicos e privados, a atención e resolución de queixas e reclamacións e a apertura e seguimento de expedientes sancionadores, medidas cautelares e a clausura de centros non autorizados, entre outras.

Todo isto conleva a necesidade de que entre as características do perfil dos postos de inspección deba esixirse unha formación especializada na área de servizos sociais.

A necesidade de introducir nos perfís dos postos de traballo esta área de coñecemento como requisito indispensable vén motivada porque as disposicións de carácter xeral teñen como función innovar o ordenamento xurídico. O proxecto de decreto elabórase en desenvolvemento da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, que no seu artigo 72, no apartado 1, esixe que o nomeamento do persoal inspector se realice entre o persoal que conte coa cualificación necesaria para o desenvolvemento do posto.

Neste senso parece lóxico que se anteriormente non se establecía a esixencia de determinada cualificación para o desenvolvemento destas funcións, o curso non se teña realizado. Non obstante, unha vez definidas as necesidades de formación do persoal que opte a acceder a estes postos prevese a convocatoria da primeira edición do curso para o ano 2011 incluíndo a súa realización dentro da programación de formación continua da EGAP.

A responsabilidade e a complexidade das funcións a desenvolver esixe unha tarefa de formación moi intensa que completa a formación académica da persoa candidata. As funcións que teñen atribuídas, xustifican suficientemente a esixencia da especialización do persoal que accede a estes postos, ao non dispor dunha escala específica.

Actualmente as funcións atribuídas ao persoal inspector de servizos sociais como persoal de asesoramento e como autoridade pública considéranse un piar importante no desenvolvemento do sistema galego de Servizos Sociais, e a súa especialización é requirida dende todos os ámbitos do seu exercicio por entidades prestadoras de servizos sociais, polos propios usuarios/as dos servizos e a cidadanía en xeral.

Esta Administración non restrinxe as posibilidades aos empregados públicos para acceder a estes postos, unicamente garante que aqueles que os vaian a desempeñar o fagan coa suficiente formación e especialización.

O curso de acceso está aberto a todos os funcionarios públicos dos subgrupos A1, A2 e C1 e ao persoal laboral dos grupos I e II e que estean interesados na materia.

Non obstante, e en aras de aproveitar a experiencia dos funcionarios que actualmente desempeñan estes postos na área de servizos sociais, se lles da preferencia para asistir a este curso, pero non se impide que acudan outros funcionarios, porque o que pretende esta administración é contar cunha bolsa de persoas que reúnan este requisito, para que todas elas poidan participar nun concurso de traslados para que estes postos se provean por aqueles que teñen maiores méritos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Núm. 64974

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7740

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 62432,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Alfredo Suárez Canal, sobre **"as razóns da Xunta de Galicia para non colaborar no patrocinio co fin de que se realice en Galicia unha proba do circuíto estatal de kitesurf"**, (publicada no BOPG núm.: 443, do 4 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo e a Secretaría Xeral para o Deporte,** que ten o seguinte contido:

"Respecto das cuestións formuladas na pregunta cómpre sinalar, e comezando polo tocante á entidade Turgalicia, que esta ten por principal misión facer promoción turística de Galicia, e non a realización de probas deportivas. Non obstante, nalgúns casos nos que as probas deportivas se converten en eventos de interese turístico, Turgalicia ten colaborado, e colabora, como patrocinador de eventos de retorno contrastado. Neste ámbito, e no presente ano, foron moitas as propostas estudadas pola Sociedade, non resultando posible atender economicamente a todas as solicitudes de patrocinio que se presentan, dado que o orzamento da Sociedade é limitado.

Os representantes do Club de kitesurf Fillos do Vento solicitaron, a través de escrito presentado o 22 de novembro de 2010 ante o rexistro xeral da Xunta de Galicia, audiencia coa Secretaria Xeral para o Turismo, sendo recibidos o 22 de decembro pola Xerente de Turgalicia. No transcurso desta xuntanza, requiriuse información máis detallada sobre a proposta de colaboración, solicitándose a inclusión de custes e datos sobre o impacto turístico estimado.

Con posterioridade á mesma, o Clube atendeu esta solicitude, remitindo a Turgalicia un dossier no que non figuraba dato algún sobre o impacto turístico estimado e no que os custes da colaboración proposta ascendían á cantidade de 22.775,00 euros.

Tras estudar detidamente este documento, con data 7 de marzo de 2011 a Xerente de Turgalicia contactou cos representates do Club, indicándolles que, por motivos orzamentarios, a Sociedade non podía asumir esta acción.

Neste sentido, a Administración Turística galega ten a responsabilidade de xestionar os orzamentos asignados segundo criterios obxectivos, sen esquecer en ningún momento que se trata de cartos públicos. Este criterio de responsabilidade é o que prevalece no goberno galego respecto da xestión orzamentaria, e é o que seguirá prevalecendo.

Polo que respecta á Administración Deportiva galega, compre sinalar, por un lado, que non consta solicitude algunha de reunión polos responsables do Club e, por outro e no que atinxe ó ámbito do apoio ó deporte e ós eventos deportivos, que a Secretaría Xeral para o Deporte conta coas tradicionais vías financiadoras das liñas de axudas a clubs, os convenios de colaboración coas federacións deportivas de Galicia e -e a través da Fundación Deporte Galego-, cos contratos de patrocinio aos clubs galegos de alto nivel."

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
18 MAI. 2011
Núm. 65046

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7761

RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62458**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"os obxectivos da convocatoria de axudas para o ano 2011 para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, a valoración das repercusións para as familias do incremento das achegas económicas que deberán realizar, así como a materialización da publicidade ao respecto"**, (publicada no BOPG núm. 443, do 4 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A convocatoria 2011 de axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos enmarcase dentro do decidido impulso do actual Goberno galego á formación en linguas estranxeiras e se enmarca dentro das actuacións previstas no Plan de potenciación da linguas estranxeiras.

Este ano segue a mellorar a posibilidade de acceso as axudas ao alumnado nun contexto económico desfavorable. En primeiro lugar, porque aumenta de xeito considerable o número de prazas que se ofertan, concretamente en máis dun 21 por cento respecto da convocatoria de 2010. Isto supón un crecemento das oportunidades.

Prodúcese unha aposta decidida por integrar programas de calidade realizados en Galicia, baixo o obxectivo de crear unha oferta estable, accesible e que fai uso eficiente dos recursos dispoñibles na nosa Comunidade.

Ademais do importante aumento da oferta, cumpre subliñar que por primeira vez convócanse prazas específicas para o alumnado de ciclos de formación profesional e se ofertan prazas de portugués en Portugal.

No que respecta aos criterios de selección, dótase ao sistema dunha maior equidade e progresividade.

En resumo, pese ao actual contexto de redución orzamentaria, hai unha maior oferta de número de prazas, reconduciuse a oferta no exterior aos cursos de maior rendibilidade, reforzouse a rede de formación en idiomas en Galicia nun contexto de calidade, equilibrouse de xeito máis equitativo as achegas da familias en función da renda e deuse un aproveitamento máximo as infraestruturas propias da Xunta de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7750

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
Núm. 65005

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62752**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"o proceso seguido para a contratación da praza de director/a de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura"**, (publicada no BOPG núm. 443, do 4 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia asume como válidas as explicacións dadas ao respecto polo Conselleiro de Cultura e Turismo na sesión plenaria celebrada con data do 27 de abril de 2011, con ocasión da resposta que ofreceu á pregunta 62746, do mesmo tema e da mesma autora."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7754

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
Núm. 65009

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 62800,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"as razóns da non distribución durante o Xacobeo 2010 dos trescentos mil folletos coa biografía de dez autores, editados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Xunta de Galicia, co fin de achegar a cultura galega ás persoas que facían o Camiño"**, (publicada no BOPG núm.: 447, do 8 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"O contrato referido, formalizado entre a S.A de Xestión do Plan Xacobeo, daquela dirixida por D. Ignacio Rodríguez Eguibar, e Promocións Culturais Galegas S.A. foi cumprido na súa totalidade por parte da actual xerencia do Xacobeo, xa que no mesmo non figuraba mención algunha a que fose esta entidade a que tivese que realizar a distribución dos devanditos folletos nos albergues da rede pública existente na nosa comunidade.

Ante este extremo, a S.A de Xestión do Plan Xacobeo púxose en contacto coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, a través do seu presidente, coa finalidade de propoñer que a propia asociación distribuíse este material do xeito que considerase máis axeitado, de forma que se cumprira o obxectivo para o que fora creado e non se desperdiciase. Sen impedimento algún por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega, procedeuse a

facer a entrega destes exemplares o día 19 de xullo do ano 2010, existindo constancia por escrito da devandita entrega.

Por outra banda, indicar que a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo elaborou, co gallo da celebración do pasado Ano Santo, dez folletos promocionais adicados a cada un dos Camiños de Santiago, así como un libro do Xacobeo 2010, co obxectivo final de promocionar as diferentes rutas xacobeas e o propio Xacobeo 2010. Este material foi distribuído non só nos albergues do Camiño, senón tamén en todos os centros galegos, en oficinas de turismo, embaixadas, e outros lugares."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7725

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
ENTRADA
12 MAI. 2011
64958

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63366**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo, sobre **"os datos referidos aos convenios vixentes no ano 2011, os que se van iniciar ou os que xa se iniciaron e que non existían anteriormente entre a Deputación Provincial da Coruña e a Secretaría Xeral para o Deporte, para a construción de infraestruturas deportivas correspondentes a proxectos plurianuais"**, (publicada no BOPG núm. 451, do 14 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

"Non existe ningún convenio vixente no ano 2011 entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Deputación da Coruña, nin previsión sobre o mesmo á data presente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7734

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
2 MAI. 2011
64964

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63392,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José M. Lage Tuñas e don Modesto Pose Mesura, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do mantemento do Servizo de Urxencias no Centro de Saúde de Rianxo e os plans da Consellería de Sanidade para este centro"**, (publicada no BOPG núm. 451, do 14 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"Neste momento non hai previsto realizar ningún cambio."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7752

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
Núm. 65007

RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63416**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Henrique Viéitez Alonso, sobre **"o control que está a realizar a Xunta de Galicia en relación coa praga do nematodo do piñeiro"**, (publicada no BOPG núm. 451, do 14 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O día 25 de febreiro de 2011 aprobouse pola Comisión Europea o plan de acción para a erradicación do foco do nematodo, parte de cuxas medidas xa se contemplaban no decreto da Xunta de Galicia, núm. 10/2011. Este plan cuxa execución se esta a levar a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia, inclúe actuacións tanto no ámbito estritamente fitosanitario, como nas cortas e tratamento das árbores e o trampeo do insecto vector e o do control das industrias e dos movementos, así como no ámbito da comunicación aos afectados.

Estas actuacións completáronse cunha labor de inspección e control das actuacións nas industrias forestais e do transporte de mercadorías para supervisar a rastrexabilidade e o cumprimento das normas, a fin de controlar que o foco non se expandira a outras latitudes."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7726

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
64959

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63611,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos I. Aymerich Cano, sobre **"as razóns da paralización das obras de mellora da estrada AC-433 ao inicio do termo municipal de Laxe e o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a súa continuación no treito que discorre por el"**, (publicada no BOPG núm. 451, do 14 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"A ampliación da plataforma con beiravías dun metro de largo non afecta a todo o percorrido, senón aos tramos comprendidos entre os p.k. 0+000 e 3+300 (Concello de Vimianzo) e p.k. 9+740 e 12+370 (Concello de Laxe).

Nos tramos antes indicados alargouse a plataforma, con estendido de grava entre o p.k. 0+000 e 3+300. O tramo entre os p.k. 9+740 e 12+370 está pendente da solicitude por parte do Concello de Laxe do recuamento dunha canalización de abastecemento.

No treito comprendido entre o p.k. 3+300 e o p.k. 9+740 –o límite entre os concellos sitúase aproximadamente no p.k. 3+280- estanse a realizar traballos de acondicionamento de obras de drenaxe, escavación de gabias, execución de drenaxes profundas e perfilado de gabias. Os traballos nesta

zona, debido á proximidade do tráfico rodado, executáronse con menor rendemento.

Entre o p.k. 9+740 e o final da obra (Concello de Laxe) estanse a executar traballos de escavación e terraplenado a pleno rendemento, traballos de acondicionamento das obras de drenaxe existentes e novas obras de acondicionamento."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7756

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
Núm. 65011

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63668**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luísa Bouza Santiago, sobre **"a elección da localización, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e as previsións do Goberno galego para a licitación da construción, así como a xestión, do novo Centro de Saúde de Ares"**, (publicada no BOPG núm. 455, do 20 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O proceso de licitación iniciouse no ano 2010 coa publicación do estudio de viabilidade e a posterior exposición pública de proxectos e anteproxectos.

A asistencia sanitaria no centro de Ares será 100% pública. Os servizos non sanitarios formarán parte de concesión administrativa."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7755

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
Núm. 65010

RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63707**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"a dispoñibilidade dos terreos necesarios e as previsións do Goberno galego para a licitación da construción, así como a xestión, dos novos centros de saúde de Arteixo e Culleredo"**, (publicada no BOPG núm. 455, do 20 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O proceso de licitación iniciouse no ano 2010 coa publicación do estudio de viabilidade e a posterior exposición pública de proxectos e anteproxectos.

A asistencia sanitaria nos centro de Arteixo e Culleredo será 100% pública. Os servizos non sanitarios formarán parte de concesión administrativa."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



143935

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Núm. 64963

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7730

RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63756**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e varios/as deputados/as máis, sobre **"as previsións para a construción do novo Centro de Saúde de Ribadavia"**, (publicada no BOPG núm. 455, do 20 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A construcción deste Centro de Saúde non está incluído na licitación que está en proceso porque o Concello non pudo solucionar os problemas urbanísticos da parcela cedida."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
Núm. 65012

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7757

RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63758**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"o anuncio publicado no Diario Oficial da Unión Europea en relación coa construción de dezaoito centros de saúde para o Sergas, a posible exclusión das medianas empresas de construción galegas a consecuencia da súa licitación conxunta, os datos e as previsións ao respecto"**, (publicada no BOPG núm. 455, do 20 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Sobre o tema de referencia a conselleira de Sanidade xa informou ao Pleno con ocasión da resposta ofrecida á interpelación 56989 na sesión do día 26/04/2011. Remitímonos ao alí exposto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7767

RS/bl

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
18 MAI. 2011
Núm. 65052

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63951**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"as xestións e a actuación prevista polo Goberno galego en relación cos criterios utilizados polo Principado de Asturias na posta en marcha dun proceso de oficialización da toponimia na comarca do Eo-Navia"**, (publicada no BOPG núm. 458, do 27 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"No territorio do Principado de Asturias conviven tres linguas: o castelán (lingua oficial), o asturiano e o galego-asturiano, que gozan de recoñecemento e uso oficial de acordo coa Lei 1/1998, de uso e promoción do bable/asturiano.

Respecto da toponimia, a devandita norma establece que *`os topónimos de Asturias terán a denominación oficial na súa forma tradicional'* e atribúelle ao Consello de Goberno do Principado de Asturias a competencia para determinar os topónimos da comunidade autónoma.

Polo tanto, será competencia do Goberno asturiano velar por aquilo que deriva da oficialización da súa toponimia no seu territorio e, en particular, de que a sinaléctica usada estea conforme á súa normativa.

Malia todo, de acordo co establecido no artigo 21º, punto 2, da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, o Goberno galego velará pola protección da lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

A Consellería de Educación e OU, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, está disposta a, respectando as competencias propias de cada Comunidade, estudar e tratar de definir liñas de cooperación que poidan contar coa receptividade do futuro Goberno do Principado de Asturias."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7739

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
12 MAI. 2011
Núm. 64973

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 63987,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e varios/as deputados/as máis, sobre **"as actuacións previstas para evitar a repetición dos vertidos de augas residuais no lugar de San Lourenzo, no concello da Pobra de Trives"**, (publicada no BOPG núm.: 458, do 27 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,** que ten o seguinte contido:

"O concello da Pobra de Trives sitúase na zona de competencia da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que é a institución que debe autorizar, controlar e supervisar os vertidos que se produzan nese ámbito."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7748

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
Núm. 65003

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64157,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Soledad Soneira Tajes, sobre **"a investigación interna realizada pola Consellería de Cultura e Turismo en relación cos feitos recollidos no sumario na operación Orquestra e o número de axudas, subvencións ou calquera outro tipo de achega concedida ás asociacións, así como ao Mercado Medieval no concello de Corcubión"**, (publicada no BOPG núm. 460, do 29 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Cultura e Turismo ten manifestada a súa absoluta disposición e colaboración con todo o que sexa preciso en calquera investigación xudicial.

A data de hoxe non consta a existencia de ningún tipo de imputación xudicial respecto a ningún funcionario da Consellería de Cultura e Turismo, existindo, unicamente, a información dalgún medio de comunicación facilitada desde o sumario da causa sobre gravacións de chamadas telefónicas efectuadas por algún dos imputados. En calquera caso, calquera actuación responsable debe enmarcarse dentro da garantía do principio constitucional de presunción de inocencia; máis aínda neste caso, no que , como se indicou, non se abriron dilixencias contra ningún funcionario da

Consellería de Cultura e Turismo. Os cidadáns tardaron séculos en conseguir o recoñecemento deste dereito e a defensa deste débenos competer a todos.

Da investigación interna realizada pola Consellería de Cultura e Turismo despréndense as axudas que dende a mesma se puideron realizar a asociacións implicadas no sumario (non aparecendo todas as asociacións de Corcubión recollidas no sumario da devandita causa).

De acordo con iso, en relación coas subvencións e axudas concedidas por parte da Consellería de Cultura e Turismo dende o ano 2007 observouse que:

**1.- Á asociación cultural Nemancos:**

- Foille concedida unha subvención de 700 euros no ano 2007.
- Non lle foi concedida ningunha subvención no ano 2008, nin consta como solicitada.
- Foille concedida unha axuda non ano 2009, da que se aboaron 4.934,79 euros de acordo coa documentación xustificativa presentada.
- Non lle foi concedida ningunha axuda no ano 2010, denegándose a solicitude presentada na Orde de Axudas para Asociacións Culturais.
- Non lle foi concedida ningunha axuda no ano 2011 nin consta ningunha solicitude.

**2.- Á asociación Corcubión 2000:**

- Non consta a concesión de ningunha axuda ou subvención no devandito período.

**3.- Á asociación cultural Idade Media:**

- Non consta a concesión de ningunha axuda ou subvención no devandito período, aparecendo como denegada a solicitude presentada na Orde de Axudas para Asociacións Culturais no ano 2010."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 MAI. 2011
SAÍDA
Núm. 7753

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 MAI. 2011
65008

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64463,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"os datos referidos aos xefes de servizo e asimilados existentes nos distintos departamentos da Administración galega e, nomeadamente, aos dos tipos A e B existentes na Consellería do Medio Rural"**, (publicada no BOPG núm. 468, do 11 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural,** que ten o seguinte contido:

"Na actualidade, a Consellería do Medio Rural conta con 80 postos de nivel 28, dos que 44 son de nivel 28A e 32 son de nivel 28 B.

A distribución dos 44 postos de nivel 28 A por centros directivos é a seguinte:

| | |
|---|---|
| - Secretaría Xeral Técnica | - 10 |
| - Dirección Xeral de Produción Agropecuaria | - 8 + 2 Directores Centros |
| - Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural | - 3 |
| - Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais | - 6 + 3 Directores Centros |
| - Dirección Xeral de Montes | - 6 + 1 Director Centro |
| - Dirección Xeral de Conservación da Natureza | - 4 + 1 Director Centro |

Polo que respecta aos postos de nivel 28 B, actualmente hai oito en cada Xefatura Territorial."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
   - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
   - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   - 2.1 INVESTIDURA
   - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
   - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
   - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
   - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   - 3.5 MOCIÓNS
   - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
     - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
     - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
   - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
   - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
   - 4.2 INTERPELACIÓNS
   - 4.3 PREGUNTAS
   - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
   - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
   - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
   - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
   - 5.3 VALEDOR DO POBO
   - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
   - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
   - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
   - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
   - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
   - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
   - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
   - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
   - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
   - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
   - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
   - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
   - 6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
   - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
   - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
   - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
   - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
   - 8.2 PERSOAL
   - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
   - 9.1 INFORMACIÓNS
   - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727